

## CONCURSO DE DEBUXO

### “200 ANIVERSARIO DA POLICÍA NACIONAL”

A Comisaría Provincial de Lugo, co fin de conmemorar o **200 Aniversario da Policía Nacional** e mellorar o coñecemento deste organismo, da actividade que desenvolve e do labor fundamental que presta en servizo da comunidade en xeral, quere convidar a todo o alumnado dos centros de educación primaria e de educación especial ao **Concurso de Debuxo “200 Aniversario da Policía Nacional”**.

### BASES DE PARTICIPACIÓN

Poderán participar no concurso todos os/as alumnos/as que estuden educación primaria, así como o alumnado dos Centros de Educación Especial da provincia de Lugo durante o curso 2024/2025.

O concurso establece 4 categorías:

**1ª Categoría:** Alumnado escolarizado en 1º e 2º de EP

**2ª Categoría:** Alumnado escolarizado en 3º e 4º de EP

**3ª Categoría:** Alumnado escolarizado en 5º e 6º de EP

**4ª Categoría:** Alumnado escolarizado en Centros de Educación Especial

### TEMÁTICA

A temática para os traballos que se presenten na **1ª e 4ª categorías** versará sobre a **Policía Nacional**, mentres que para o resto das **categorías** tratará sobre o **200 Aniversario da Policía Nacional**, e todos eles deberán conter unhas liñas en lingua galega que describan o contido do debuxo.

Os debuxos empregarán calquera técnica artística, deben ser inéditos e que non fosen premiados anteriormente en ningún outro certame. Quedarán automaticamente apartados do concurso todos aqueles que non aborden a temática formulada nas súas bases, os que teñan connotacións agresivas

e/ou alusivas a armas ou condutas violentas, así como aqueles de carácter sexista, que infundan odio ou transmitan valores distintos aos que caracterizan a Policía Nacional.

## **PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS**

Os debuxos realizaranse no modelo que se achega e deberán ir identificados co nome e apelidos do/a alumno/a, curso que realiza e centro educativo onde estuda.

Cada centro educativo seleccionará un máximo de catro traballos por categoría, que serán os que participen no concurso. Unha vez seleccionados, cada centro enviaraos escaneados por correo electrónico (mantendo os orixinais no seu poder) ao seguinte enderezo:

**[lugo.eventos@policia.es](mailto:lugo.eventos@policia.es)**

## **PRAZO**

O prazo de admisión dos debuxos finalizará o 20 de novembro de 2024.

## **XURADO**

O xurado cualificador estará composto por membros da Comisaría Provincial de Lugo, entre os que figurará o comisario provincial, e por aqueloutros externos á Policía Nacional que se nomeen, sempre en número impar.

## **RESOLUCIÓN**

Terá lugar o día 27 de novembro de 2024 e anunciarase na Comisaría Provincial de Lugo, e logo seralles notificada a todos os centros educativos mediante o correo electrónico facilitado previamente.

Contra esta resolución non se poderá recorrer nin se atenderá ningunha reclamación.

## **DESTINO DOS TRABALLOS**

Cos debuxos gañadores elaborárase un póster-calendario do ano 2025, no que se incluírán os tres primeiros clasificados de cada categoría, a xeito de un por mes do ano.

## **PREMIOS**

Outorgárase un primeiro, un segundo e un terceiro premio por categoría, consistente nun agasallo e un diploma acreditativo. Os premios serán entregados no lugar que se designe para o efecto na data e hora que se comunique.

## **PROTECCIÓN DE DATOS E RENUNCIA AOS DEREITOS DE AUTOR**

A Policía Nacional adquirirá a propiedade de todos os traballos presentados e terá dereito ao seu uso como material de difusión, facendo sempre mención ao/á autor/a do traballo co seu nome e apelidos. A aceptación destas bases implica a autorización para o uso gratuíto dos debuxos nos medios de comunicación habituais. Os datos facilitados serán empregados co único propósito de contactar cos/coas gañadores/as e entregarlles os premios obtidos, e quedan suxeitos ao réxime de protección e dereitos establecidos na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

## **ACEPTACIÓN DAS BASES**

O feito de participar no Concurso de Debuxo “200 Aniversario da Policía Nacional” implicará a aceptación destas bases.